

Bo día familia!

Antes de nada dicirvos que agardo que estedes todos ben e pasando a situación o mellor posible, especialmente agora que xa temos este pequeno alivio de poder saír un pouco da casa.

Rematou o tempo que tiña asignado coas licencias de maternidade e lactancia e xa me incorporei de novo ó traballo, aínda que esta situación resulta excepcional (pois é unha incorporación "online") estou a vosa disposición para todo o que precisedes nesta conta de correo. Laura fixo un traballo estupendo e púxome ao día do voso traballo. Neste mes que nos queda de docencia non imos ampliar contidos, trataremos de repasar a través de actividades máis ben lúdicas, relacionadas co arte ou co plantexamento de pequenas investigacións. No comezo da semana teredes o plantexamento das actividades semanais, tanto na web do colo como no voso correo. É importante que os nenos non deixen de lado unha pequena iniciación en familia na lectura, e sigades facendo un pequeno esforzo cada día para que lean algo, especialmene con miras ao vindeiro curso. A miña recomendación para estes inicios na lectura é :

Cartilla Palau 1: Método fotosilábico de editorial Anaya.

Despídome cun forte abrazo e espero que nos poidamos ver pronto!! Moito ánimo a todos!!